

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 21 DE XANEIRO DE 2026

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e un de xaneiro de 2026, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE e D. JORGE BUSTOS ATANASIO. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a aprobación da licenza urbanística para construír un edificio na rúa San Lourenzo, 4-6 (expte: 2024/Y001/000326).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a desestimación do recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local 6/433, do 29 de outubro de 2025, no expediente de contratación da subministración de un camión-cesta-grúa elevadora de 18 metros para servizos eléctricos de medio rural. Exp. ref. 2025-C004-000027.

Tamén se acorda a inadmisión da solicitude de incoación de expediente de modificación do proxecto e do contrato das obras de humanización na rúa Milagrosa (exp.2024/C002/000014).

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac4377751903603752041.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-1-2026

3. SERVIZOS SOCIAIS.- Acórdase a ampliación do prazo de xustificación das subvencións adxudicadas dentro da convocatoria de subvencións para desprazamento de taxi adaptado de persoas con discapacidade física e mobilidade reducida recoñecida. (ano 2025).

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.